



Ollos abertos

Camiños para ser felices

Todas as persoas buscan ser felices. Desexarían ter unha vida na que todo lles fose ben. Pero hai distintos camiños para conseguir a felicidade.



"Unha amiga, que tén un chalé con piscina, invitoume algunhas veces á súa casa. Encantaríame ter o mesmo ca ela. Paréceme que sería máis feliz."

María Xosé

"Sería feliz se non tivese que ir ao colexio nin estudar. ¡Que alegría se todo o ano fose vacacións!"

Óscar

"Encántanme os "modelitos". O meu é comprar roupa e estrear vestidos ou faldras. ¡Qué feliz sería se puidese!"

Laura

Soño con ter unha moto que me prometeron. O día que ma regalen, será o día máis feliz da miña vida.

David

"Son moi estudosa e gústame levar boas notas. A miña maior alegría sería levar todo sobresaínte ao final de curso."

Belén

Gústame moito xogar ao fútbol. A miña maior felicidade sería chegar a ser titular dun gran equipo.

Paulo

▶ ¿Que che parece dos desexos e soños destes rapaces?

▶ ¿Que consello lle darías a cada un deles?

Óscar	
Laura	
María X.	
David	
Belén	
Paulo	



Mirada penetrante

Outra forma de ser feliz

Hai tamén outras formas de lograr unha felicidade profunda.

Algúns séntense felices cando...

—

—

Traballan como misioneiros nos países do Terceiro Mundo.

▶ ¿Por que cres que se pode ser feliz así?



Oídos atentos

Xesús dínos que, quen viva as Benaventuranzas, atopará o camiño da felicidade auténtica.



■ Ditosos os que teñen espírito de pobres, porque deles é o reino do Ceo. (Mt 5,3)



Os satisfeitos

- Presumen dos seus éxitos e triunfos.
- Non se preocupan dos que sofren ou teñen problemas.

1

- Son humildes, senten necesidade de Deus e dos demais.

-



■ Ditosos os que choran, porque eles serán consolados. (Mt 5,4)



Os que teñen alma de ricos

- Son soberbios, orgullosos, egoístas e ambiciosos.
- Viven apegados aos seus bens e non os comparten con ninguén.

2

-

- Confían en que Deus non os abandonará nunca.



■ Ditosos os non violentos, porque eles herdarán a terra. (Mt 5,5)



Os dobres e falsos

- Enganan e menten no falar e actuar.
- Son maliciosos e malintencionados.

3

-

-



■ Ditosos os famentos e sedentos de xustiza, porque eles ficarán fartos. (Mt 5,6)



Os duros de corazón

- Condenan doadamente os fallos dos demais.
- Rexeitan a todos os que non pensan coma eles.

4

- Sofren ao ver tantas inxustizas e abusos.

•



■ Ditosos os misericordiosos, porque eles serán tratados con misericordia. (Mt 5,7)



Os aproveitados

- Só pensan no seu propio ben.
- Son indiferentes ante os sufrimentos dos demais.

5

- Comprenden e desculpan as faltas dos demais.

•



■ Ditosos os de corazón limpo, porque eles verán a Deus. (Mt 5,8)



Os que fan a guerra

- Peléxanse doadamente cos compañeiros.
- Son caprichosos e rancorosos.

6

- Son nobres e honrados: actúan segundo a súa conciencia.

•



■ Ditosos os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus. (Mt 5,9)



Os oportunistas

- Non din o que pensan por medo ou covardía.
- Déixanse levar polos outros, para quedar ben con eles.

7

- Buscan a unidade e a harmonía no grupo.

•



■ Ditosos os perseguidos por causa da xustiza, porque deles é o reino do Ceo. (Mt 5,10)



Os violentos, agresivos

- Abusan dos máis débiles.
- Desespéranse ante as dificultades.

8

- Defenden sempre ao que téñen razón, aínda que os marxinen.

•

► Nos cadros da dereita, le cada unha das Benaventuranzas verdadeiras.

► Busca despois á esquerda a súa contraria e pon o número que corresponda, o mesmo número que téñen a verdadeira.



Xestos benaventurados

Pode parecernos difícil vivir as Benaventuranzas, pero hai persoas que, coa axuda de Deus, teñen xestos e comportamentos aos que Xesús chamaría benaventurados.

Iván, ante a campaña contra a fame no mundo, danou todos os aforros que tiña gardados para comprar cousas para el.

Patricia, que é unha rapaza intelixente, nunca busca lucirse e chamar a atención. Está sempre disposta a axudar a todos, explicándolles os temas que non entenden.

Xavi tén moito xenio e ademais tómase moi en serio o xogo e gústalle gañar. Pero fai sempre boas entradas; aínda que reciba algunha patada, trata de controlarse e non devolver mal por mal.

Ana nunca fala mal de ninguén e defende aos que son criticados. Fai todo o posible para reconciliar e unir de novo aos que están enfadados.

María é moi estudosa e gústalle levar boas notas. Pero dedica tempo a axudarlle a algunha compañeira para que non suspenda, aínda que ela leve unha nota máis baixa.

Roberto é un bo xogador de fútbol; quere fichalo un equipo de categoría superior pero el prefere quedar para axudar ao equipo do seu barrio.

Samuel soubo defender a un compañeiro ao que outros rapaces maltrataban. Aínda que o ameazaron, el díxolles que se non deixaban en paz a ese compañeiro, poñeríao en coñecemento da Dirección do Colexio.

Belén ten moi bo corazón e moita paciencia. Ás veces métense algo con ela, pero nunca se enfada, sabe desculpar e perdoar. Por iso quérena e apréciana.

- ▶ ¿Paga a pena realizar estas accións? ¿Por que?
- ▶ ¿A quen lle producen satisfacción, alegría, felicidade...?
- ▶ ¿Cales destas accións che gustaría imitar?